

A privatización do SAF de Chantada en cifras: a privatización custaranos máis de 160.000€ cada ano e máis de 20€ a cada habitante.

Por Chantada

Candidatura de Unidade Popular

As traballadoras públicas do SAF de Chantada protagonizaron unha das principais loitas das últimas décadas no eido laboral en Terras do Asma. No entanto, o Goberno de Manuel Varela (antes Inta e agora PP) mostrouse totalmente insensíbel a manter un servizo 100% público a pesar de que o vai encarecer o mesmo coa privatización.

Vexamos, entón, cales eran as cifras do SAF até agora e cales van ser a partir de agora. Comecemos polo que recauda o Concello entre os utentes do servizo, é dicir polos ingresos do servizo.

1.1- Os ingresos.

Padrón SAF	
Xuño 2020	4.953,44
Maio 2020	4.145,74
Abril 2020	3.753,63
Marzo 2020	5.073,84
Febreiro 2020	5.820,88
Xaneiro 2020	6.071,58
TOTAL	29.819,11
Media mensual 1º semestre 2020	4.970

Segundo a Conta Xeral de 2019 do Concello de Chantada, na aplicación orzamentar 34100 de ingresos, constan **pagos dos utentes do SAF por importe de 80.628,10€ para todo o 2019**. O ano 2020 vai ser excepcional porque a COVID-19 alterou moito o número de utentes e a recadación á baixa.

Entón, o que se recauda dos utentes do servizo é moi pouco, mais cómpre ter en conta que a Xunta da Galiza cofinancia o servizo. En todo caso, por pórmos un dado comparativo o padrón das piscinas en Febreiro de 2020 foi de 13.892,73€ ou o de vaos para todo 2020 é de 7.109,68€.

Ingresos Xunta da Galiza		
Ano	Aplicación orzamentar	Euros
2020	45002	463.854
2019	450020	418.643,19

A maiores, o Concello de Chantada tamén ten recorrido ao Plano Único para os concellos da Deputación provincial de Lugo para o financiamento do SAF:

Plano único para os Concellos Deputación de Lugo		
Ano	Aplicación orzamentar	Euros
2020	46100	52.000
2019	461001	30.000

En consecuencia, podemos sintetizar así os ingresos:

Ano	Concepto	Cantidade (en euros)
2020 (6 meses)	(34100) Pago utentes do servizo (cálculo sobre media 1º bimestre)	60.000
2020	(45002) Xunta da Galiza	463.854
2020	(46100) Plano Único	52.000
TOTAL 2020		575.854
2019	Pago utentes servizo	80.628,10
2019	Pago Xunta da Galiza	418.643,19
2019	Pago Deputación de Lugo	50.000
Total ano 2019		549.271,29

1.2.- Os gastos.

1.2.1.- Gastos de persoal.

Gastos persoal SAF (inclúe soldo base, trienios, SS e quilometraxe)		
Ano	Cantidade en euros (estimación intervención)	Orzamento 2020 e Conta Xeral 2019
2019	743.115,98	600.000
2020	752.321,13	583.480,29
2021	762.023,37	
2022	771.474,32	
2023	783.742,60	

Pola mala planificación dos xestores públicos estabanse prestando 780 horas menos das recoñecidas pola Xunta para dependencia, co cal se perden transferencias e 66 persoas ficaban na listaxe de agarda en novembro de 2019.

1.2.2.- Gastos en fornecementos para mantemento do servizo.

Custes exploración do servizo	
Fornecementos ¹	3.495,84
Vestiario ²	4.941,44
Outros ³	2.960,96
TOTAL	11.398,24

1.2.3.- Gastos en contratacións de empresas externas ao SAF.

En 2019 e 2020, mentres o Goberno desenvolvía o proceso de privatización do servizo, que finalmente recaeu na empresa viguesa Samaín (grupo Clece da corporación ACS), recorreuse a un contrato menor, sen licitar, e que incumpria a lei, concretamente os artigos 118, 99.2 e 28.2 da *Lei de Contratos do Sector Público* (LCSP). Dito contrato empregouse para cubrir baixas, ferias e días

1 Inclúe o material sanitario e de prevención, que comprende os medios de protección persoal de carácter preceptivo adecuados para o persoal auxiliar do SAF, cunha estimación de servizos segundo o persoal usuario.

2 Estímase o custo dos uniformes do persoal, dado que segundo o PPT a empresa adxudicataria está obrigada a facilitar ás auxiliares do SAF uniformes anuais. Este custe realmente sería moito inferior de continuar coa exploración pública do servizo.

3 Recóllese a estimación dos restantes gastos derivados do PPT non estimados nos gastos de persoal, como local de referencia, prevención de riscos laborais, asesoría laboral e fiscal e financeiros. No caso do local, sería un gasto que non se daría na exploración pública do servizo.

de libre disposición das traballadoras municipais, xa que nen sequer se sacou a bolsa de emprego até que xa caducara a anterior e non había a quen recorrer. Por outras palabras, chegouse a este punto por unha crónica mala xestión do servizo, da cal é responsábel o Goberno municipal e non os Servizos Sociais ou as traballadoras do SAF como se ten acusado desde o Goberno en reiteradas ocasións.

As empresas que “complementaban” o SAF de Chantada foron primeiro a local AFA, que por atraso nos pagos non puido seguir fornecendo o servizo e incorreu en impagos ás súas traballadoras, e logo Asanis Galicia (exp. 243/2020).

Ano	Empresa	Aplicación orzamentar	Factura en euros	Observacións
2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	11.665,22	Omisión de fiscalización ⁴ (OF) 14/2020
2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	7.493,20	OF 13/2020
2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	3.467,76	OF 12/2020
2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	1.404,98	OF 11/2020
2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	5.827,98	OF 7/2020
2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	6.925,78	OF 5/2020
2019/ 2020	Asanis Galicia	231.227.99.04	8.909,88	OF 1/2020 ⁵
2019/ 2020	AFA Chantada	231.227.99.04	13.750,14	OF 1/2020
2019	Asanis Galicia	231.227.99.04	272,55	
2019	Asanis Galicia	231.227.99.04	8.637,63	

Totais servizos prestados por empresas externas	
2019 Conta xeral	125.557,57
2020 Orzamento (231.227.9904)	454.946
Diferenza	329.388,43

1.3.- A privatización do servizo.

Aos efectos de calcular o valor estimado para todo contrato, tense en conta a duración inicial prevista (2 anos), as prórrogas máximas ordinarias (2 anos), e as opcións eventuais previstas

4 A intervención municipal indica así que o expediente non foi debidamente fiscalizado pola mesma e sinala en todas as OF que se incumpra a LCSP, xa que non se pode tratar como un contrato menor o que, por duración e montante do contrato, se debería ter licitado para cumprir cos principios legais de publicidade, transparencia e concorrència.

5 Para alén do xa explicado, son facturas do 2019 pendentes de pago, cuxa imputación ao Orzamento prorrogado de 2019 en 2020 requiría un recoñecemento extraxudicial de crédito competencia do Pleno.

consistentes na modificación de 20 % de horas máximas previstas no PCAP ao longo de toda a duración máxima do contrato:

Estimacións na memoria da privatización sobre o custe do contrato (22/10/2020)	
Orzamento anual sen IVE	874.896,96
Orzamento duración inicial (2 anos) sen IVE	1.749.793,92
Prórrogas (2 anos máximo) sen IVE	1.749.793,92
Modificacións sen IVE (20%)	699.917,57
Valor estimado contrato	4.199.505,41

Dados económicos da privatización do SAF (exp. 37/2020)	
Orzamento base de licitación por ano	874.896,96
Orzamento anual con IVE	909.892,84
Valor estimado do contrato (total)	4.199.505,41
Orzamento 2020 (231.227.99.04)	454.496,42⁶

1.4.- Conclusións: canto nos custa a privatización?

O servizo SAF privatizado, segundo as propias estimacións municipais, ascenderá a un impacto sobre a facenda local de case un millón de euros cada ano: 909.892,84€. Só en concepto de IVE imos gastar 35.000€ cada ano.

O SAF 100% público e municipal, coas deficiencias de xestión e falla de persoal que cunha xestión eficaz suporían maiores gastos (e ingresos) é de (estimacións alcistas): 750.000€. Con esta xestión pública **o recadado entre utentes e Xunta case cubriría os custes do servizo**, completando con fondos do Plano único da Deputación de Lugo (50.000€).

Porén, vexamos como, **coa privatización do servizo se impón o beneficio industrial e se disparan os custes**, xa sen falarmos da degradación das condicións laborais ou das condicións do servizo:

⁶ Ao comezar o servizo privatizado en agosto-setembro é esperábel que desta partida teña que haber un remanente importante, que en todo caso fiscalizaremos na Conta xeral de 2020, que se fai en 2021. En todo caso, aínda hai facturas de Asanis Galicia pendentas de abonamento que terían que ir tamén con cargo a esa partida.

Síntese situación actual SAF e custo privatización

Ingresos		Gastos		
		Xestión pública		Empresa privada (Samaín)
Usuarios	80.000	Gasto de persoal	600.000	909.892,84
Xunta	460.000	Empresas externas	130.000	
Deputación	50.000	Fornecementos	10.000	
TOTAL	750.000	Total	740.000	
Diferenza xestión pública a privada		169.892,84€ ao ano (20,62€/hab.)		
Custe por habitante SAF privatizado		110.44€/hab.		

Ten lóxica esta decisión do Goberno de Manuel Varela? No medio da pandemia da COVID-19, cuns dados macroeconómicos que nos sitúan na peor crise sistémica, con especial incidencia no Estado español pola súa estrutura económica, e sen nengunha medida audaz no Orzamento 2020 para previrmos o terríbel cenario laboral, social e económico de 2021 ten sentido gastar máis de 160.000€ cada ano nunha privatización? Cantas medidas sociais ou de estímulo económico poderían facerse con eses cartos?

Eles desfalcan, ti pagas.

Este informe foi elaborado a 2 de agosto de 2020 pola **Comisión política de Por Chantada-Candidatura de Unidade Popular**, órgano dependente da Coordinadora do partido que fará anualmente un seguimento para valorar exactamente os custos da privatización. As fontes que se empregaron foron: Orzamento do Concello de Chantada 2020, Orzamento do Concello de Chantada 2019, Conta Xeral do Concello de Chantada 2019, Expediente 37/2020 (privatización SAF) e varios decretos da alcaldía.